CG12	Coñecemento e aplicación de elementos básicos de economía e de xestión de recursos humanos, organización e planificación de proxectos, así como a lexislación, regulación e normalización no ámbito dos proxectos informáticos, de acordo cos coñecementos adquiridos.	• saber facer
CE8	Capacidade para planificar, concibir, despregar e dirixir proxectos, servizos e sistemas informáticos en tódolos ámbitos, liderando a súa posta en marcha e mellora continua e valorando o seu impacto económico e social	• saber facer
CE14	Capacidade para analizar, deseñar, construír e manter aplicacións de forma robusta, segura e eficiente, elixindo o paradigma e as linguaxes de programación máis axeitadas	• saber facer
CE22	Coñecemento e aplicación dos principios, metodoloxías e ciclos de vida da enxeñaría de software	• saber facer
CE29	Capacidade de identificar, avaliar e xestionar os riscos potenciais asociados que puidesen presentarse	• saber facer
CE30	Capacidade para deseñar solucións apropiadas nun ou máis dominios de aplicación utilizando métodos da enxeñaría do software que integren aspectos éticos, sociais, legais e económicos	• saber facer
CE31	Capacidade para comprender a contorna dunha organización e as súas necesidades no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións	• saber facer
CT1	I1: Capacidade de análise, síntese e avaliación	• Saber estar / ser
CT6	I6: Capacidade de deseñar e realizar experimentos sinxelos e analizar e interpretar os seus resultados	• Saber estar / ser
CT9	I9: Capacidade de tomar decisións	• Saber estar / ser
CT16	S1: Razoamento crítico	• Saber estar / ser
CT17	S2: Compromiso ético e democrático	• Saber estar / ser
CT24	S9: Ter motivación pola calidade e a mellora continua	• Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
---------------------------	--------------

RA1: Planificar o desenvolvemento dun proxecto informático (fitos, viabilidade, riscos, tarefas, recursos, formalización, elección de metodoloxías, etc.).	CB3 CG1 CG2 CG12 CE8 CE14 CE22 CE29 CE30 CE31 CT1 CT9 CT16
RA2: Planificar e xestionar os recursos humanos, económicos, técnicos, etc.; en particular nun equipo de traballo.	CG1 CG2 CG12 CE8 CE14 CE30 CE31 CT9 CT16 CT17
RA3: Estimar de forma efectiva custos para un proxecto utilizando diferentes técnicas.	CG12 CE29 CT1 CT6 CT9
RA4: Controlar e facer o seguimento de prazos, orzamentos, custos, investimentos e indicadores de calidade.	CG1 CG2 CG12 CE8 CE29 CT1 CT6 CT9 CT16 CT24
RA5: Controlar e xestionar o desenvolvemento do proxecto informático.	CG2 CG12 CE8 CE14 CE22 CE30 CE31 CT1 CT9 CT16
RA6: Supervisar, controlar e dar validez aos procesos de desenvolvemento.	CE22 CE31 CT1 CT6 CT24
RA7: Utilizar ferramentas informáticas de soporte á xestión de proxectos de software.	CG1 CE8 CE31
RA8: Medir o progreso e a produtividade do proxecto.	CG12 CE8 CE31 CT1 CT9 CT16 CT17

Contidos

Tema

- Introducción á Dirección de proxectos	1.- Que?, Por que?, Quen? 2.- Procesos de Xestión de Proxectos 3.- A Xestión de Proxectos 4.- O Marco da Xestión de Proxecto 5.- O Ciclo de Vida do Proxecto 6.- Funcións do Responsable da GP 7.- O Plan do Proxecto 8.- Control Gráfico dos Proxectos
- PmBok	1.- Introducción a PmBok 2.- Ciclo de vida do proxecto e organización 3.- Procesos da Dirección dun Proxecto 4.- Xestión da Integración do Proxecto 5.- Xestión do Alcance do Proxecto 6.- Xestión do Tempo do Proxecto 7.- Xestión dos Custos do Proxecto

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	22.5	32.5	55
Prácticas de laboratorio	27.5	18.5	46
Presentación	2	1	3
Traballo	0	46	46

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Presentación dos conceptos básicos da Dirección e Xestión de Proxectos. No primeiro bloque de materia expóranse as razóns que fundamentan a necesidade de metodoloxías, técnicas, mecanismos e ferramentas necesarios para a xestión de proxectos, así como o cambio de actitude que implica o desenvolvemento de actividades ou produtos desde a perspectiva da xestión de proxectos. O bloque de PmBok céntrase nos coñecementos básicos necesarios para aplicar a nivel práctico esta metodoloxía de dirección e xestión de proxectos.
Prácticas de laboratorio	As prácticas centraranse na aprendizaxe de ferramentas informáticas que faciliten, a Dirección, Xestión, Planificación, Coordinación, etc, de Proxectos. As prácticas presenciais desenvólense en base a exercicios e casos prácticos a resolver. As horas de traballo persoal do alumno referidas a este particular, serán utilizadas por parte do alumno para crear os contidos específicos necesarios para o traballo final ou para traballos específicos.
Presentación	Os alumnos, normalmente en grupo, deberán realizar unha exposición das presentacións propostas en clase ao resto dos seus compañeiros. Cada grupo exporá os aspectos máis relevantes do tema da súa presentación, o cal será comentado polos seus compañeiros con axuda do profesor.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	A atención personalizada, individual ou en grupo, realizarase tanto na aula durante o desenvolvemento das prácticas, como nas horas de titorías e nos accesos On-Line que leven a cabo.
Presentación	A atención personalizada, individual ou en grupo, realizarase tanto na aula durante o desenvolvemento das prácticas, como nas horas de titorías e nos accesos On-Line que leven a cabo.
Probas	Descrición

Traballo	A atención personalizada, individual ou en grupo, realizarase tanto na aula durante o desenvolvemento das prácticas, como nas horas de titorías e nos accesos On-Line que leven a cabo.
----------	---

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Lección maxistral	A avaliación dos coñecementos asociados á Sesión Maxistral e ás Prácticas de Laboratorio avalíanse conxuntamente. A avaliación ao alumno realizarase mediante exames. As probas que conformen o exame poderán ser tipo test, cuestións, desenvolvemento e/ou exercicios en función da parte do temario que se estea avaliando. Permitirá avaliar os seguintes resultados de aprendizaxe: RA1, RA2, RA3, RA4, RA5, RA6, RA7, RA8.	40	CB3 CG1 CG2 CG12 CE8 CE14 CE22 CE29 CE30 CE31
Prácticas de laboratorio	A avaliación dos coñecementos asociados á Sesión Maxistral e ás Prácticas de Laboratorio avalíanse conxuntamente. A avaliación ao alumno realizarase mediante exames. As probas que conformen o exame poderán ser tipo test, cuestións, desenvolvemento e/ou exercicios en función da parte do temario que se estea avaliando. Permitirá avaliar os seguintes resultados de aprendizaxe: RA1, RA2, RA3, RA4, RA7, RA8.	20	CG1 CG2 CG12 CE8 CE29 CE31 CT1 CT9 CT16 CT24
Presentación	Inclúe a preparación en pequenos grupos dun tema, a súa exposición oral, formulación de exercicios aos compañeiros e avaliación dos mesmos. O traballo será avaliado por compañeiros e compañeiras, ademais de por o profesorado da materia, atendendo á calidade xeral da presentación e ás habilidades e actitudes mostradas polos compoñentes do grupo. Permitirá avaliar os seguintes resultados de aprendizaxe: RA1, RA2, RA8.	10	CT1 CT6 CT9 CT16 CT17 CT24
Traballo	Todos os alumnos deberán realizar un traballo ou proxecto final da materia. O proxecto desenvolverase en grupos. Excepcionalmente, e previa aprobación por parte do profesor, poderanse realizar traballos individuais. O proxecto final consistirá na redacción, planificación e simulación dun proxecto orixinal que proporá cada grupo de alumnos, e que deberá ser aceptado por parte do profesor. Permitirá avaliar os seguintes resultados de aprendizaxe: RA1, RA2, RA3, RA4, RA5, RA6, RA7, RA8.	30	CG1 CG2 CG12 CE8 CE14 CE22 CE29 CE30 CE31 CT1 CT6 CT9 CT16 CT17 CT24

Outros comentarios sobre a Avaliación

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA ASISTENTES 1ª EDICIÓN DE ACTAS

O contido teórico da materia está dividido en dous partes que serán avaliadas independentemente. Cada alumno deberá obter un mínimo dun 4 en cada unha das partes para poder superar a materia. Se un alumno obtén en algures unha nota inferior a 4 ou non se presenta estará suspenso ou non presentado, segundo o caso.

A avaliación de cada parte realizarase por separado e levará a cabo segundo a descrición que se recolle en Sesión Maxistral e Prácticas de Laboratorio dentro do epígrafe Avaliación para cada unha das Metodoloxías. Valorarase sobre 10 e en caso de aprobar será liberatorio durante o ano académico que foi superada a parte.

A porcentaxe de relevancia na nota final de teoría de cada parte é o seguinte: Introducción (50%) e PmBok (50%).

O cálculo da nota final asociada á sesión maxistral e ás prácticas de laboratorio, NF_Teoría, realizarase mediante o sumatorio das notas (Nn) obtidas na avaliación de cada parte multiplicado pola súa porcentaxe de relevancia.

$NF_Teoría = N1*0,5 + N2*0,5$ Onde $Nn \geq 4$;

A primeira convocatoria para a avaliación da primeira parte do contido teórico da materia, Introducción, poderase realizar no exame que se desenvolverá a metade do cuadrimestre, na semana 8 ou 9 segundo a planificación horaria da ESEI para o segundo cuadrimestre. En caso de obter unha nota inferior a 4 o alumno poderá optar á recuperación deste contido na segunda convocatoria prevista no calendario da ESEI.

A primeira convocatoria para a avaliación da segunda parte do contido teórico da materia, PMBok, poderase realizar no exame que se desenvolverá ao finalizar do cuadrimestre, na semana 16 segundo a planificación horaria da ESEI para o segundo cuadrimestre. En caso de obter unha nota inferior a 4 o alumno poderá optar á recuperación deste contido na segunda convocatoria prevista no calendario da ESEI.

A avaliación do traballo ou proxecto final, NF_Proxecto, realizarase sobre 10 e terá en conta aspectos técnicos, estéticos, gramaticais, e todos aqueles relacionados coa obtención de documentos de calidade técnica. Os traballos serán realizados en grupo en caso de avaliación presencial. NF_Proxecto non poderá ser inferior a 4 para superar a materia e a data de entrega será a mesma que a prevista para o exame da parte teórica PMBok.

Os alumnos que non superen algunha das partes na correspondente primeira convocatoria, poderán optar a superala na segunda convocatoria en base ao calendario proposto pola ESEI. Para a avaliación do traballo ou proxecto final, en segunda convocatoria, é de aplicación este mesmo criterio, e o traballo será entregado ao profesor na mesma data prevista para o exame de segunda convocatoria.

A avaliación final do alumno realizarase tendo en conta as porcentaxes indicadas nos apartados anteriores desta avaliación. Neste sentido o cálculo final da nota realizarase seguindo a seguinte forma:

$Nota_Final = NF_Teoría*60\% + NF_Proxecto*30\% + Seminarios*10\%$

Onde $NF_* \geq 4$;

A nota correspondente a Seminarios só poderá ser obtida durante o proceso de avaliación continua e no caso de que o alumno teña valoración 0 neste apartado esa será a nota que constará durante o ano académico en curso para o correspondente apartado.

Os alumnos que se presenten en segunda convocatoria só o terán que facer das partes non superadas sen detrimento de o indicado no parágrafo anterior.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA NON ASISTENTES

Os alumnos que non participasen de forma presencial nas actividades propostas na materia, poderán aprobar a materia superando as probas expostas segundo a descrición anterior para obter a NF_Teoría e se obteñen unha NF_Proxecto superior a un 5 nun proxecto que o profesor responsable da materia asignoulle nas 6 primeiras semanas desde o comezo do curso. Esta asignación realizarase por parte do profesor responsable e a petición do alumno por escrito asinado por ambas as partes.

A avaliación final do alumno realizarase tendo en conta as porcentaxes indicadas nos apartados anteriores. O cálculo final da nota realizarase seguindo a seguinte forma:

$Nota_Final = NF_Teoría*60\% + NF_Proxecto*40\%$

Onde $NF_* \geq 5$;

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 2ª EDICIÓN DE ACTAS E FIN DE CARREIRA

Empregarase o mesmo sistema de avaliación descrito para a primeira edición de actas tanto no caso de asistentes como de non asistentes.

Os alumnos que se presenten en segunda edición, despois de presentarse á primeira edición, só o terán que facer das partes non superadas.

A avaliación correspondente á convocatoria extraordinaria de fin de carreira axustarase aos mesmos parámetros descritos anteriormente na modalidade PRESENCIAL e na NON PRESENCIAL.

PROCESO DE CUALIFICACIÓN DE ACTAS

Todos os alumnos están obrigados a realizar e/ou presentar as probas necesarias para calcular a cualificación que corresponda ás notas NF_Teoría e NF_Proxecto que se describen nos apartados anteriores. Os alumnos que non realizen as probas asociadas con NF_Teoría terán a cualificación de Non Presentado. Os alumnos que NON presentasen os traballos asociados a NF_Proxecto serán cualificados coa nota calculada seguindo o mecanismo comentado nos apartados anteriores, se esta nota é inferior a 4. No caso de que a nota calculada sexa superior a 4 a cualificación de Nota_Final será 4.

DATAS DE AVALIACIÓN.

Os exames oficiais da materia de Dirección e Xestión de Proxectos desenvolveranse nas datas e horarios publicados na páxina web da Escola Superior de Enxeñaría Informática (ESEI). Todas as datas de exame son as aprobadas pola Xunta de Centro da ESEI.

O calendario de probas de avaliación aprobado oficialmente pola Xunta de Centro dá ESEI atópase publicado na páxina web <http://www.esei.uvigo.es/index.php?ide=29>.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Project Management Institute, Fundamentos para la dirección de proyectos (Guía del PmBok), Quinta Edición, Project Management Institute, Inc, 2013,

https://www.edu.xunta.gal/centros/cfrpontevedra/aulavirtual2/pluginfile.php/13688/mod_folder/content/0/libros_pmbok_guide5th_spanish.pdf

Bibliografía Complementaria

Juan José Miranda Miranda, "Los proyectos en el siglo XXI", <http://www.gestiopolis.com/canales3/emp/prosigxxi>.

Miguel Jaque Barbero, "Gestión de Proyectos", <http://www.ilkebenon.com/>

INTECO. Instituto Nacional de Tecnologías de la Comunicación., "Guía Avanzada de Gestión de Proyectos",

http://www.inteco.es/calidad_TIC/descargas/guias/

INTECO. Instituto Nacional de Tecnologías de la Comunicación., "Guía Práctica de Gestión De Proyectos",

http://www.inteco.es/calidad_TIC/descargas/guias/

INTECO. Instituto Nacional de Tecnologías de la Comunicación., "Guía de Ingeniería del Software",

http://www.inteco.es/calidad_TIC/descargas/guias/

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Bases de datos I/O06G150V01402

Enxeñaría do software I/O06G150V01304

Enxeñaría do software II/O06G150V01403

Matemáticas: Estatística/O06G150V01301

DATOS IDENTIFICATIVOS**Sistemas intelixentes**

Materia	Sistemas intelixentes			
Código	O06G150V01605			
Titulación	Grao en Enxeñaría Informática			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Castelán Galego Inglés			
Departamento	Informática			
Coordinador/a	González Moreno, Juan Carlos			
Profesorado	García Lourenco, Analía María González Moreno, Juan Carlos			
Correo-e	jcmoreno@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es/			
Descrición xeral	Esta materia impártese no segundo semestre do terceiro curso. Trata de proporcionar ao alumno os coñecementos mínimos necesarios sobre os conceptos fundamentais da resolución de problemas no ámbito dos sistemas intelixentes, para que comprendan o novo modo de enfocar a resolución dos devanditos problemas. Nesta materia inclúense competencias básicas para o futuro exercicio profesional do Enxeñeiro/a Técnico/a en Informática, se este se desenvolve no campo da Intelixencia Artificial e tamén competencias que son instrumentais para a adquisición doutras competencias. Se empregará o inglés en materiais audiovisuais e escritos. O soporte do inglés como lingua de impartición é para os alumnos Erasmus que poidan matricularse na materia.			

Competencias

Código		Tipoloxía
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber • saber facer
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber • saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• saber facer
CG3	Capacidade para deseñar, desenvolver, avaliar e asegurar a accesibilidade, ergonómia, usabilidade e seguridade dos sistemas, servizos e aplicacións informáticas, así como da información que xestionan.	• saber facer
CG6	Capacidade para concebir e desenvolver sistemas ou arquitecturas informáticas centralizadas ou distribuídas integrando hardware, software e redes de acordo cos coñecementos adquiridos.	• saber • saber facer
CG8	Coñecemento das materias básicas e tecnoloxías, que capaciten para a aprendizaxe e desenvolvemento de novos métodos e tecnoloxías, así como as que lles doten dunha gran versatilidade para adaptarse a novas situacións.	• saber facer
CG9	Capacidade para resolver problemas con iniciativa, toma de decisións, autonomía e creatividade. Capacidade para saber comunicar e transmitir os coñecementos, habilidades e destrezas da profesión de Enxeñeiro Técnico en Informática.	• saber • saber facer
CE3	Capacidade para comprender e dominar os conceptos básicos de matemática discreta, lóxica, algorítmica e complexidade computacional, e a súa aplicación para a resolución de problemas propios da enxeñaría	• saber • saber facer
CE7	Capacidade para deseñar, desenvolver, seleccionar e avaliar aplicacións e sistemas informáticos, asegurando a súa fiabilidade, seguridade e calidade, conforme aos principios éticos e á lexislación e normativa vixente	• saber facer
CE12	Coñecemento e aplicación dos procedementos algorítmicos básicos das tecnoloxías informáticas para deseñar solucións a problemas, analizando a idoneidade e complexidade dos algoritmos propostos	• saber • saber facer
CE13	Coñecemento, deseño e utilización de forma eficiente dos tipos e estruturas de datos máis axeitados á resolución dun problema	• saber • saber facer
CE14	Capacidade para analizar, deseñar, construír e manter aplicacións de forma robusta, segura e eficiente, elixindo o paradigma e as linguaxes de programación máis axeitadas	• saber facer
CE21	Coñecemento e aplicación dos principios fundamentais e técnicas básicas dos sistemas intelixentes e a súa aplicación práctica	• saber • saber facer

CE26	Capacidade para valorar as necesidades do cliente e especificar os requisitos software para satisfacer estas necesidades, reconciliando obxectivos en conflito mediante a procura de compromisos aceptables dentro das limitacións derivadas do custo, do tempo, da existencia de sistemas xa desenvolvidos e das propias organizacións	<ul style="list-style-type: none"> • saber • saber facer
CE28	Capacidade de identificar e analizar problemas e deseñar, desenvolver, implementar, verificar e documentar solucións software sobre a base dun coñecemento axeitado das teorías, modelos e técnicas actuais	<ul style="list-style-type: none"> • saber • saber facer
CT1	I1: Capacidade de análise, síntese e avaliación	• Saber estar / ser
CT5	I5: Capacidade de abstracción: capacidade de crear e utilizar modelos que reflectan situacións reais	• Saber estar / ser
CT7	I7: Capacidade de buscar, relacionar e estruturar información proveniente de diversas fontes e de integrar ideas e coñecementos	• Saber estar / ser
CT8	I8: Resolución de problemas	• Saber estar / ser
CT9	I9: Capacidade de tomar decisións	• Saber estar / ser
CT10	I10: Capacidade para argumentar e xustificar loricamente as decisións tomadas e as opinións	• Saber estar / ser
CT11	P1: Capacidade de actuar autonomamente	• Saber estar / ser
CT12	P2: Capacidade de traballar en situacións de falta de información e/ou baixo presión	• Saber estar / ser
CT13	P3: Capacidade de integrarse rapidamente e traballar eficientemente en equipos unidisciplinares e de colaborar nun entorno multidisciplinar	• Saber estar / ser
CT15	P5: Capacidade de relación interpersoal	• Saber estar / ser
CT16	S1: Razoamento crítico	• Saber estar / ser
CT18	S3: Aprendizaxe autónoma	• Saber estar / ser
CT19	S4: Adaptación a novas situacións	• Saber estar / ser
CT20	S5: Creatividade	• Saber estar / ser
CT22	S7: Ter iniciativa e ser resolutivo	• Saber estar / ser
CT24	S9: Ter motivación pola calidade e a mellora continua	• Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
RA1.- Coñecer e comprender as principais características dos problemas aos que dar unha solución baseada en técnicas de Intelixencia Artificial	CB2 CB4 CG6 CG8 CG9 CE14 CE21 CE26 CE28 CT1 CT5 CT7 CT8 CT9 CT10 CT11 CT15 CT16 CT18 CT19 CT20

RA2.- Realizar satisfactoriamente as actividades propias da resolución de problemas en Intelixencia Artificial

CB4
CG3
CG6
CG8
CG9
CE7
CE14
CE21
CT1
CT5
CT8
CT9
CT10
CT11
CT15
CT16
CT18
CT19
CT20
CT24

RA3.- Especificar e modelar un problema, usando métodos de representación do coñecemento

CB4
CG6
CG8
CG9
CE7
CE14
CE21
CE26
CE28
CT1
CT5
CT10
CT15
CT16

RA4.- Coñecer os formalismos lóxicos e estruturados necesarios para a representación do coñecemento

CB2
CB4
CG6
CG8
CG9
CE3
CE12
CE13
CE14
CT1
CT5
CT8
CT9
CT10
CT11
CT15
CT18
CT24

RA5.- Coñecer e saber utilizar linguaxes declarativas para a resolución de problemas de Intelixencia Artificial

CB2
CB4
CB5
CG6
CG8
CG9
CE14
CE21
CE26
CE28
CT1
CT5
CT7
CT8
CT10
CT11
CT15
CT16
CT20

RA6.- Coñecer os problemas e solucións asociados á planificación de robots e axentes software.

CB2
CB4
CB5
CG6
CG8
CG9
CE14
CE21
CE26
CE28
CT5
CT7
CT8
CT10
CT11
CT12
CT13
CT15
CT16
CT18
CT19
CT22
CT24

RA7.- Entender a problemática asociada á aprendizaxe automática e as técnicas de solución máis axeitadas

CB2
CB4
CB5
CG6
CG8
CG9
CE14
CE21
CE28
CT1
CT5
CT7
CT8
CT9
CT10
CT11
CT12
CT15
CT16
CT20

Contidos

Tema

Resolución de problemas	Introducción a Inteligencia Artificial Sistemas e problemas de IA Enfoques da IA Aplicacións da IA
Planificación para Robots/axentes	Axentes intelixentes Axentes lóxicos Bots Planificación teórica Planificación no mundo real
Sistemas baseados no coñecemento	Lóxicas Sistemas baseados en regras Redes semánticas
Representación do Coñecemento	Lóxica Incertidumbre Representacións estruturadas
Buscas e heurísticas	Buscas básicas Buscas óptimas Buscas heurísticas
Modelos de razoamento	Razoamento probabilístico Teoría da decisión

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	15	15	30
Titoría en grupo	2	1	3
Prácticas en aulas informáticas	26	39	65
Presentación	2.5	17.5	20
Exame de preguntas obxectivas	1	9	10
Informe de prácticas	1	9	10
Traballo	2	10	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos básicos da asignatura complementada cos medios multimedia dispoñibles.
Titoría en grupo	Resolución de cuestións e dúbidas en grupo.
Prácticas en aulas informáticas	Presentación e supervisión por parte do profesor de problemas prácticos que complementen os contidos teóricos vistos nas clases maxistras e nas presentacións.
Presentación	Exposición por parte dos alumnos de certos contidos básicos da asignatura mediante o uso dos medios multimedia dispoñibles.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O profesor asesorará ó alumno nos problemas que atope tanto na resolución dos exercicios como nos casos prácticos e o resto de actividades a entregar.
Presentación	O profesor asesorará ó alumno nos problemas que atope tanto na resolución dos exercicios como nos casos prácticos e o resto de actividades a entregar.
Titoría en grupo	O profesor asesorará ó alumno nos problemas que atope tanto na resolución dos exercicios como nos casos prácticos e o resto de actividades a entregar.
Prácticas en aulas informáticas	O profesor asesorará ó alumno nos problemas que atope tanto na resolución dos exercicios como nos casos prácticos e o resto de actividades a entregar.
Probas	Descrición
Informe de prácticas	O profesor asesorará ó alumno nos problemas que atope tanto na resolución dos exercicios como nos casos prácticos e o resto de actividades a entregar.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
------------	---------------	------------------------

Lección maxistral	A Metodoloxía de Sesión Maxistral está orientada a traballar especificamente a tipoloxía "Saber" das competencias académico-conceptuais. Esta metodoloxía será avaliada para os alumnos asistentes mediante probas de tipo test e a entrega de traballos e proxectos.	30	CB2 CB4 CG6 CG9 CE3 CE21 CE28 CT1 CT5 CT7 CT8 CT9 CT10 CT16
Presentación	A Metodoloxía de Presentacións/exposicións está orientada a traballar especificamente a tipoloxía "Saber ser" das competencias interpersoais. Esta metodoloxía será avaliada para os alumnos asistentes mediante probas tipo test e a entrega de informes/memorias do contido presentado. Cubre os resultados de aprendizaxe: RA4,RA6 e RA7	20	CB5 CG8 CT1 CT5 CT7 CT8 CT9 CT10 CT11 CT12 CT13 CT15 CT16 CT18 CT19 CT20 CT22 CT24

Prácticas en aulas informáticas	A Metodoloxía de Prácticas de laboratorio está orientada a traballar especificamente a tipoloxía "Saber Facer" das competencias profesionais. Esta metodoloxía será avaliada para os alumnos asistentes mediante a entrega de traballos e proxectos coas súas respectivas memorias.	50	CB2
	Cubre os resultados de aprendizaxe: RA1, RA2,RA3,RA4,RA5,RA6 e RA7		CB4 CG3 CG6 CG9 CE7 CE12 CE13 CE14 CE21 CE26 CE28 CT1 CT5 CT7 CT8 CT9 CT12 CT16 CT19 CT24

Outros comentarios sobre a Avaliación

CRITERIOS DE EVALUACIÓN PARA ASISTENTES e NON ASISTENTES en 1ª e 2ª Edición de Actas e FIN DE CARRERA

- Enténdese como alumnos "**ASISTENTES**" aqueles alumnos que fan as probas e as entregas anteriores regularmente.
- Para superar a materia é imprescindible obter unha cualificación superior a 5 sobre 10 nas prácticas de laboratorio e na media resultante das probas da sesión maxistral e das presentacións/exposicións.
- Para poder realizar a media das probas de Sesión maxistral e das presentacións/exposicións é necesario acadar a lo menos un 4 en ditas probas e presentacións.
- As probas e as entregas no realizadas en tempo e forma serán calificadas cun 0.

Metodoloxía/Proba 1: Sesión Maxistral

Descrición: Realización de exercicios tipo test con valoración negativa dos fallos.

% Calificación: 30% da nota. Para liberar esta parte da materia é preciso obter un 5 como mínimo.

Competencias avaliadas: As indicadas na taboa anterior

Resultados de aprendizaxe avaliados: Os indicados na taboa anterior

Metodoloxía/Proba 2: Prácticas en aulas informáticas

Descrición: Entrega de 3 prácticas ao longo do curso. A primeira contará in 15% da nota. A segunda que será entregada en grupos de 2 e contará un 35% da nota. E a última que será desenvolvida en grupos de 3-4 persoas como máximo e contará un 50% da nota. As prácticas deberán entregarse nos prazos e na forma que se indique, en caso de no facerlo axeitadamente, a práctica estará suspensa e deberá repetirse nuevamente nos prazos establecidos.

% Calificación: 50% da nota. Para liberar esta parte da materia é preciso obter un 5 como mínimo na media das prácticas e para facer media cada practica deberá ter unha calificación de 4 como mínimo

Competencias avaliadas: As indicadas na taboa anterior

Resultados de aprendizaxe avaliados: Os indicados na taboa anterior

Metodoloxía/Proba 3: Presentacións/exposicións

Descrición: Entrega por parte dos alumnos dunha memoria e dun vídeo de 10' sobre un contido de teoría proposto polo profesor. Os traballos deberán ser realizados en grupos de 3-4 persoas como moito.

% Calificación: 20% da nota. Para liberar esta parte da materia é preciso obter un 5 como mínimo na media da memoria e da exposición; e para facer media cada apartado deberá ter unha calificación de 4 como mínimo.

Competencias avaliadas: Os indicados na taboa anterior

Resultados de aprendizaxe avaliados: Os indicados na taboa anterior

En caso de non superar algunha das probas anteriores os alumnos poderán repetirla ata un total de dúas veces nas datas que se estipulen. Cada entrega adicional supondrá unha redución dun 20% na nota máxima que poderá obter o alumno.

As probas escritas serán recuperadas nas datas oficiais aprobadas oficialmente pola Xunta de Centro da ESEI e que se atopan publicadas na páxina web <http://www.esei.uvigo.es/index.php?id=29>.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Stuart Jonathan Russell, Peter Norvig, Artificial Intelligence: A Modern Approach, 3ª, Prentice Hall, 2010,

Stuart Russell, Peter Norvig., Inteligencia Artificial. Un enfoque moderno, 2ª, Pearson Educación, 2004,

Rafael H. Bordini, Jomi Fred Hübner, Michael Wooldridge, Programming Multi-agent systems in Agent-Speak with Jason, Wiley, 2007,

Kowalski, R., Lógica, programación e intelixencia artificial, Diaz de Santos, 1986,

jason.sourceforge.net, 2017,

Bibliografía Complementaria

Hopgood, Adrian A., Intelligent Systems for Engineers and Scientists, Tercera, CRC Press, 2012,

Plamen Angelov, Dimitar P. Filev, Nikola K. Kasabov, Evolving Intelligent Systems: Methodology and Applications, Wiley, 2010,

Robert J. Schalkoff, Intelligent Systems: Principles, paradigms and pragmatics, Jones and Bartlett Publishers, 2010,

Nils. J. Nilsson, Inteligencia Artificial: Una nueva síntesis, McGraw Hill., 2001,

F. Escolano Ruiz et. al., Inteligencia Artificial. Modelos, técnicas y áreas de aplicación, Thomson, 2003,

jcmesei.wordpress.com, 2016,

jcm2011.wordpress.com, 2015,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Traballo de Fin de Grao/O06G150V01991

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Centros de datos/O06G150V01601

Concorrenza e distribución/O06G150V01602

Dirección e xestión de proxectos/O06G150V01603

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Algoritmos e estruturas de datos II/O06G150V01302

Bases de datos I/O06G150V01402

Enxeñaría do software I/O06G150V01304

Enxeñaría do software II/O06G150V01403

Bases de datos II/O06G150V01501

Interfaces de usuario/O06G150V01503

Outros comentarios

É recomendable que os estudantes leven un ritmo contínuo de aprendizaxe e traballar coa dedicación adicada semanalmente a asignatura, para lograr unha aprendizaxe continuada. Recomendase encarecidamente realizar unha lectura comprensiva previa dos apuntamentos antes de asistir a clase.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Teoría de autómatas e linguaxes formais**

Materia	Teoría de autómatas e linguaxes formais			
Código	O06G150V01606			
Titulación	Grao en Enxeñaría Informática			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Informática			
Coordinador/a	Vilares Ferro, Manuel			
Profesorado	Darriba Bilbao, Víctor Manuel Doval Mosquera, Yera Vilares Ferro, Manuel			
Correo-e	vilares@uvigo.es			
Web	http://fatic.uvigo.es			
Descrición xeral	Adquisición dos coñecementos básicos imprescindibles en teoría de autómatas e linguaxes formais para a construción de compiladores e intérpretes. Introducción de técnicas específicas neste obxectivo, coa maior cobertura posible, e con especial énfase na análise léxica e sintáctica. Non se usará inglés na clase, aínda que algunhas das fontes bibliográficas están nese idioma.			

Competencias

Código		Tipoloxía
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitán demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber facer
CG8	Coñecemento das materias básicas e tecnoloxías, que capaciten para a aprendizaxe e desenvolvemento de novos métodos e tecnoloxías, así como as que lles doten dunha gran versatilidade para adaptarse a novas situacións.	• saber • saber facer
CE3	Capacidade para comprender e dominar os conceptos básicos de matemática discreta, lóxica, algorítmica e complexidade computacional, e a súa aplicación para a resolución de problemas propios da enxeñaría	• saber • saber facer
CE4	Coñecementos básicos sobre o uso e programación dos ordenadores, sistemas operativos, bases de datos e programas informáticos con aplicación na enxeñaría	• saber • saber facer
CE5	Coñecemento da estrutura, organización, funcionamento e interconexión dos sistemas informáticos, os fundamentos da súa programación, e a súa aplicación para a resolución de problemas propios da enxeñaría	• saber • saber facer
CE7	Capacidade para deseñar, desenvolver, seleccionar e avaliar aplicacións e sistemas informáticos, asegurando a súa fiabilidade, seguridade e calidade, conforme aos principios éticos e á lexislación e normativa vixente	• saber facer
CE12	Coñecemento e aplicación dos procedementos algorítmicos básicos das tecnoloxías informáticas para deseñar solucións a problemas, analizando a idoneidade e complexidade dos algoritmos propostos	• saber • saber facer
CE13	Coñecemento, deseño e utilización de forma eficiente dos tipos e estruturas de datos máis axeitados á resolución dun problema	• saber • saber facer
CE14	Capacidade para analizar, deseñar, construír e manter aplicacións de forma robusta, segura e eficiente, elixindo o paradigma e as linguaxes de programación máis axeitadas	• saber facer
CE28	Capacidade de identificar e analizar problemas e deseñar, desenvolver, implementar, verificar e documentar solucións software sobre a base dun coñecemento axeitado das teorías, modelos e técnicas actuais	• saber facer
CT1	I1: Capacidade de análise, síntese e avaliación	• Saber estar / ser
CT5	I5: Capacidade de abstracción: capacidade de crear e utilizar modelos que reflectan situacións reais	• Saber estar / ser
CT7	I7: Capacidade de buscar, relacionar e estruturar información proveniente de diversas fontes e de integrar ideas e coñecementos	• Saber estar / ser
CT8	I8: Resolución de problemas	• Saber estar / ser
CT18	S3: Aprendizaxe autónoma	• Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
RA1: Coñecer os elementos básicos da teoría de linguaxes formais, as súas propiedades e como se combinan para xerar os diferentes tipos de autómatas e linguaxes	CG8 CE3 CT1 CT7 CT18
RA2: Coñecer a xerarquía de Chomsky de linguaxes formais e saber relacionar as súas categorías coa clase de autómata que a recoñece	CG8 CE3 CE12 CE13 CT1 CT7 CT18
RA3: Coñecer a definición e propiedades fundamentais das máquinas de estado finito e os autómatas con pila	CG8 CE3 CE12 CE13 CT1 CT7 CT18
RA4: Capacidade para implementar as diferentes técnicas de construción de autómatas para a análise de linguaxes formais nos niveis léxico e sintáctico	CB2 CG8 CE3 CE4 CE5 CE7 CE12 CE13 CE14 CE28 CT1 CT5 CT7 CT8 CT18
RA5: Capacidade para usar ferramentas de xeneración de analizadores léxicos e sintácticos baseadas en algoritmos de construción de autómatas	CB2 CG8 CE4 CE5 CE7 CE12 CE14 CE28 CT1 CT5 CT7 CT8 CT18

Contidos

Tema

BLOQUE 1: AUTÓMATAS E LINGUAXES FORMAIS	Tema 1.- Conceptos fundamentais: Alfabetos, gramáticas, linguaxes, derivacións. Lema Fundamental. Xerarquía de Chomsky. Tema 2.- Linguaxes regulares: Gramáticas regulares. Expresións regulares. Propiedades. Autómatas finitos. Tema 3.- Linguaxes independentes do contexto: Gramáticas independentes do contexto. Árboles de derivación. Ambigüidade. Propiedades. Autómatas de pila.
BLOQUE 2: PROCESADORES DA LINGUAXE	Tema 4.- Análise léxica: Xeración dun AF a partir dunha expresión regular. Tema 5.- Análise sintáctica mixta: Familia de técnicas LR.

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20.5	38.5	59

Prácticas de laboratorio	30	29	59
Outros	2	28	30
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición dos contidos teóricos da materia. Dado o carácter práctico dos contidos propostos, a exposición complementarase con exemplos. O profesor poderá propoñer exemplos ou exercicios para a súa resolución polos alumnos, tanto dentro como fora da aula.
Prácticas de laboratorio	En base á materia teórica proposta en clase, o profesor propondrá a implementación de casos prácticos simples por parte dos alumnos. Ditas prácticas se realizarán en grupos pequenos, tanto dentro como fóra das horas de aula, e serán avaliadas como parte da nota final, tendo o alumno que entregar o código implementado e unha pequena memoria en donde se especificarán aqueles aspectos do funcionamento da práctica requeridos polo profesor.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	O profesor plantexará as prácticas que deben realizarse, e, durante as horas en aula dedicadas ás prácticas de laboratorio, resolverá las dudas plantexadas polos alumnos, supervisando o traballo que estean realizando nese momento.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Prácticas de laboratorio	Os alumnos deberán realizar unha defensa das prácticas realizadas, consistente nunha proba de funcionamento e na contestación das preguntas realizadas polo profesor, co obxectivo de comprobar o aprendido polos alumnos durante a realización do traballo. A nota final dependerá da calidade do traballo realizado e da defensa realizada polos alumnos. Resultados de Aprendizaxe: RA4, RA5	40	CB2 CG8 CE3 CE4 CE5 CE7 CE12 CE13 CE14 CE28 CT1 CT5 CT7 CT8 CT18
Exame de preguntas de desenvolvemento	Ao final do cuatrimestre se realizará unha proba escrita na se examinará aos alumnos sobre os coñecementos adquiridos nas clases teóricas. Resultados de Aprendizaxe: RA1, RA2, RA3, RA4, RA5	60	CB2 CG8 CE3 CE4 CE5 CE7 CE12 CE13 CE14 CE28 CT1 CT5 CT7 CT8 CT18

Outros comentarios sobre a Avaliación

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA ASISTENTES 1ª EDICIÓN DE ACTAS

Para aprobar a asignatura será necesario obter polo menos o 50% da nota máxima do examen teórico, que as prácticas sexan presentados no tempo e prazo especificado polo profesor, e que a suma das notas de teoría e prácticas alcance, como mínimo, o 50% da nota máxima da materia.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA NON ASISTENTES

Dado que o material preciso para a realización das prácticas está dispoñible para tódolos alumnos en formato electrónico, a avaliación para non asistentes será a mesma que para asistentes.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 2ª EDICIÓN DE ACTAS E FIN DE CARREIRA

A metodoloxía de avaliación será a mesma en tódalas convocatorias, tanto para asistentes como para non asistentes.

PROCESO DE CALIFICACIÓN DE ACTAS

A nota da asignatura será a suma das notas da proba teórica e das prácticas, excepto en dous casos:

- a) Se algunha das prácticas non é entregada e defendida no prazo establecido polo profesor, a nota da asignatura será un 0, independentemente da nota obtida na teoría.
- b) Se a nota da proba teórica é menor que o 50% de nota máxima na devandita proba (3 puntos sobre 6), non se lle sumará a calificación obtida nas prácticas. A nota da asignatura será só a nota da proba teórica.

De cumprirse ambos supostos, a) e b), a nota será 0.

DATAS DE AVALIACIÓN

O calendario de probas de avaliación aprobado oficialmente pola Xunta de Centro da ESEI atópase publicado na páxina web <http://www.esei.uvigo.es/index.php?id=29>.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Aho, Alfred V. y Lam, Monica S. y Sethi, Ravi y Ullman, Jeffrey D., Compiladores : principios, técnicas y herramientas, 2ª Ed, Addison-Wesley, 2008, EEUU

Aho, Alfred V. y Sethi, Ravi, The Theory of parsing, translation, and compiling, 1ª Ed, Prentice-Hall, 1973, EEUU

Hopcroft, John E. y Motwani, Rajeev y Ullman, Jeffrey D., Introducción a la teoría de autómatas, lenguajes y computación, 2ª Ed, Addison-Wesley, 2002, EEUU

Bibliografía Complementaria

Sudkamp, Thomas A., Languages and machines : an introduction to the theory of computer science, 3ª Ed, Pearson, 2007, EEUU

Fischer, Charles N. y LeBlanc Jr, Richard J., Crafting a Compiler with C, 1ª Ed, Addison-Wesley, 1991, EEUU

Appel, Andrew W. y Ginsburg, Maia, Modern Compiler Implementation in C, 1ª Ed, Cambridge University Press, 1997, Reino Unido

Harrison, Michael A., Introduction to Formal Language Theory, 1ª Ed, Addison-Wesley, 1978, EEUU

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Algoritmos e estruturas de datos II/O06G150V01302

Outros comentarios

Lémbrese a todo o alumnado a prohibición do uso de dispositivos móbiles en exercicios, prácticas e exames, en cumprimento do artigo 13.2.d) do Estatuto do Estudante Universitario, relativo aos deberes do estudantado universitario, que establece o deber de "Abstenerse de la utilización o cooperación en procedimientos fraudulentos en las pruebas de evaluación, en los trabajos que se realicen o en documentos oficiales de la universidad".
